



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2012/2013

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicación	CSIFC01	Administración de Sistemas Informáticos en Rede	Superior	Libre
IFC	Informática e comunicación	CSIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma	Superior	Libre
IFC	Informática e comunicación	CSIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web	Superior	Libre

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración

Código MP / UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0373	Linguaxes de Marcas e Sistemas de Xestión da Información	1º	5	133	159

### Profesorado responsable

<b>Elaboración</b>	Elena Martínez Lemos
--------------------	----------------------



## 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

### 2.1. Primeira parte da proba.

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ Recoñece as características de linguaxes de marcas analizando e interpretando fragmentos de código.
▪ Xera canles de contidos analizando e utilizando tecnoloxías de sindicación.
▪ Establece mecanismos de validación para documentos XML utilizando métodos para definir a súa sintaxe e a súa estrutura.
▪ Realiza conversións sobre documentos XML utilizando técnicas e ferramentas de procesamento.
▪ Xestiona información en formato XML analizando e utilizando tecnoloxías de almacenamento e linguaxes de consulta.
▪ Traballa con sistemas empresariais de xestión de información realizando tarefas de importación, integración, aseguramento e extracción da información.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
▪ Identificáronse as características xerais das linguaxes de marcas.
▪ Clasificáronse as linguaxes de marcas e identificáronse as máis salientables.
▪ Diferenciáronse os seus ámbitos de aplicación.
▪ Recoñecéronse as súas vantaxes no tratamento da información.
▪ Recoñeceu a necesidade e os ámbitos específicos de aplicación dunha linguaxe de marcas de propósito xeral.
▪ Analizáronse as características propias da linguaxe XML.
▪ Contrastouse a necesidade de crear documentos XML ben formados e a influencia no seu procesamento.
▪ Identificáronse as vantaxes dos espazos de nomes.
▪ Identificáronse as vantaxes da sindicación de contidos na xestión e na transmisión da información.
▪ Definíronse os seus ámbitos de aplicación.
▪ Analizáronse as tecnoloxías en que se basea a sindicación de contidos.
▪ Identificouse a estrutura e a sintaxe dunha canle de contidos.
▪ Creáronse e validáronse canles de contidos.
▪ Comprobouse a funcionalidade das canles e o acceso a elas.
▪ Utilizáronse ferramentas específicas como agregadores e directorios de canles.



- Estableceuse a necesidade de describir a información transmitida nos documentos XML e as súas regras.
- Identificáronse as tecnoloxías relacionadas coa definición de documentos XML.
- Analizouse a estrutura e a sintaxe específica utilizada na descrición.
- Identificouse a estrutura dun documento XML e as súas regras sintácticas.
- Creáronse descrições de documentos XML.
- Utilizáronse descrições na elaboración e na validación de documentos XML.
- Asociáronse as descrições cos documentos.
- Utilizáronse ferramentas específicas.
- Documentáronse as descrições.
- Identificouse a necesidade da conversión de documentos XML.
- Establecéronse ámbitos de aplicación.
- Analizáronse as tecnoloxías implicadas e o seu modo de funcionamento.
- Describiuse a sintaxe específica utilizada na conversión e na adaptación de documentos XML.
- Creáronse especificacións de conversión.
- Identificáronse e caracterizáronse ferramentas específicas relacionadas coa conversión de documentos XML.
- Realizáronse conversións con diversos formatos de saída.
- Documentáronse e depuráronse as especificacións de conversión.
- Identificáronse os principais métodos de almacenamento da información usada en documentos XML.
- Identificáronse os inconvenientes de almacenar información en formato XML.
- Establecéronse tecnoloxías eficientes de almacenamento de información en función das súas características.
- Utilizáronse sistemas xestores de bases de datos relacionais no almacenamento de información en formato XML.
- Utilizáronse técnicas específicas para crear documentos XML a partir de información almacenada en bases de datos relacionais.
- Identificáronse as características dos sistemas xestores de bases de datos nativas XML.
- Instaláronse e analizáronse sistemas xestores de bases de datos nativas XML.
- Utilizáronse técnicas para xestionar a información almacenada en bases de datos nativas XML.
- Identificáronse linguaxes e ferramentas para o tratamento e o almacenamento de información e a súa inclusión en documentos XML.
- Recoñecéronse as vantaxes dos sistemas de xestión e planificación de recursos empresariais.
- Avaliáronse as características das principais aplicacións de xestión empresarial.
- Instaláronse aplicacións de xestión empresarial.
- Configuráronse e adaptáronse as aplicacións.
- Estableceuse e verificouse o acceso seguro á información.
- Xeráronse informes.
- Realizáronse tarefas de integración con aplicacións ofimáticas.
- Realizáronse procedementos de extracción de información para o seu tratamento e a súa incorporación a diversos sistemas.
- Realizáronse tarefas de asistencia e resolución de incidencias.
- Elaboráronse documentos relativos á explotación da aplicación.



## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

#### Resultados de aprendizaxe do currículo

- Utiliza linguaxes de marcas para a transmisión de información a través da web, analiza a estrutura dos documentos e identifica os seus elementos.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

#### Criterios de avaliación do currículo

- Identificáronse e clasificáronse as linguaxes de marcas relacionadas coa web e as súas versións.
- Analizouse a estrutura dun documento HTML e identificáronse as súas seccións.
- Recoñeceuse a funcionalidade das etiquetas e dos atributos principais da linguaxe HTML.
- Establecéronse as semellanzas e as diferenzas entre as linguaxes HTML e XHTML.
- Recoñeceuse a utilidade de XHTML nos sistemas de xestión de información.
- Utilizáronse ferramentas na creación de documentos web.
- Identificáronse as vantaxes do uso de follas de estilo.
- Aplicáronse follas de estilo.

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar a avaliación positiva na proba será necesario:

- Obter na primeira parte da proba unha nota igual ou superior a 5 puntos dos 10 posibles que irán detallados no enunciado da mesma, sobre a porcentaxe satisfeita dos seguintes contidos:
  - Características, Identificación de ámbitos de aplicación e clasificación das linguaxes de marcas.
  - XML: estrutura e sintaxe. Etiquetas e ferramentas de edición.
  - Elaboración de documentos XML ben formados.
  - Utilización de espazos de nomes en XML.
  - Sindicación de contidos:
    - Vantaxes da sindicación de contidos. Ámbitos de aplicación.
    - Estrutura das canles de contidos.
    - Tecnoloxías de creación de canles de contidos.
    - Validación e Utilización de ferramentas e directorios de canles de contidos.
    - Agregadores, tipos e funcionamento da sindicación de contidos.
  - Definición de esquemas e vocabularios XML.
    - Definición da estrutura e sintaxe de documentos XML



- Uso de métodos de definición de documentos XML.
- Creación de descrições e asociación con documentos XML.
- Validación, ferramentas de creación, validación e documentación de especificacións de documentos XML.
- Conversión e adaptación de documentos XML:
  - Técnicas de transformación de documentos XML.
  - Formatos de saída, ámbitos de aplicación, descripción da estrutura e da sintaxe de documentos XML.
  - Uso de ferramentas de procesamento e patróns
  - Verificación do resultado. Depuración. Elaboración de documentación.
- Almacenamento da información:
  - Sistemas de almacenamento de información.
  - Inserción e extracción de información en XML.
  - Técnicas de procura de información en documentos XML.
  - Linguaxes de consulta e manipulación.
  - Almacenamento XML nativo.
  - Ferramentas de tratamento e almacenamento de información en formato XML.
- Sistemas de Xestión empresarial:
  - Instalación, identificación de fluxos de información.
  - Sistemas de xestión empresarial. Adaptación e configuración.
  - Integración de módulos.
  - Elaboración de informes.
  - Planificación, implantación e verificación da seguridade.
  - Integración con aplicacións ofimáticas.
  - Exportación de información.
- Obter na segunda parte da proba unha nota igual ou superior a 5 puntos. Neste caso para ter acceso a execución desta segunda parte será imprescindible ter obtido unha nota igual ou superior a 5 na primeira parte da proba. Valorarase a porcentaxe satisfeita dos seguintes contidos:
  - HTML: estrutura dunha páxina web.
  - Identificación de etiquetas e atributos de HTML.
  - XHTML: diferenzas sintácticas e estruturais con HTML.
  - Vantaxes de XHTML sobre HTML
  - Emprego de ferramentas de deseño web.
  - Corrección da follas de estilo.
- A nota final será a media aritmética entre as notas obtidas na primeira e segunda parte da proba.

## 4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.

### 4.1. Primeira parte da proba

#### Realización dun exercicio escrito.

O exercicio escrito dividirase en dúas partes:

- a) Desenvolvemento de cuestións relacionadas con:
  - Conceptos xerais das linguaxes de marcas.
  - Aplicacións das linguaxes de marcas na sindicación de contidos.
  - Sistemas de xestión empresarial.
- b) Realización dun exercicio práctico escrito que incluírá:



- Definición da estrutura e sintaxe dun documento XML.
- Aplicación de técnicas de transformación dun documento XML.
- Definición de consultas nunha linguaxe de consulta e manipulación para almacenamento XML nativo.

Para o desenvolvemento desta proba non se precisará ningún tipo de material adicional especial.

## 4.2. Segunda parte da proba

### Realización dun exercicio práctico.

O exercicio consistirá:

- Creación dunha ou varias páxinas XHTML a partires dunhas especificacións concretas.
- Elaboración da folia de estilo CSS asociada a dita páxina/as.

Para o desenvolvemento desta proba empregaranse:

- Entorno de desenvolvemento integrado para a elaboración de documentos Html, Xhtml e CSS a escoller polo alumno entre Netbeans, Notepad ++ e HTML-Kit.
- Explorador de Internet.